

## OS HÓRREOS

---



*Luís M<sup>a</sup> Pérez González: Os Hórreos. Cadernos Temáticos de Investigación. Nº VII. Taller de Educación Ambiental. ICE. USC. Santiago de Compostela, 1991.*

### TIPOLOXÍA

En xeral, chamamos **hórreos** ás construcións que erguen do chan por medio duns soportes que os manteñen a certa altura, para illalos da humidade e dos pequenos roedores, e que serven para gardar e seca-lo millo, aínda que hoxe se empregan tamén para gardar outros produtos.

Así pois, para poder cumpri-la súa finalidade, son características básicas, amais de estaren ergueitos sobre do chan, a forma, as fendas de ventilación, a orientación, etc.


As denominacións que reciben son moitas e variadas, dependendo da forma, dos materiais e das zonas. Así, non é raro que en distintas zonas reciban o mesmo nome, construcións moi diferentes, e á inversa.



O modelo máis característico de Galicia é o hórreo de **planta rectangular**, que presenta moitas variacións, segundo as zonas. A palabra **hórreo** é a máis estendida, pero tamén se lle chama **cabaceira**, **cabana**, **cabás**, **cabazo**, **cabiceira**, **canastro**, **canizo**, **piorno**, etc.


Os de planta rectangular, pero que son máis usados como despensa, reciben o nome de **cabazos**.

Os hórreos co corpo feito de **pólas** ou **varas** e cubrición de palla, son os máis primitivos, e poden ser de **planta circular** ou **rectangular**. Reciben os nomes de **cabaceira**, **cabazo**, etc., e tamén os de **canasto** e **canastro**.



Os hórreos de **planta case cadrada** e de grandes dimensións, reciben os nomes de **cabás**, **graneira** e **hórreo**.

O hórreo de tipo **asturiano**, recibe o nome de **horro**.




## ELEMENTOS DO HÓRREO

En ocasións, cando o terreo é de mala calidade, ou con certa pendente, hai que construír unha **soleira** sobre a que asenta-los pés ou cepas. Pode consistir nun macizo de cachotería, anque ás veces poden face-la función muros xa edificados.

Os **soportes** son uns dos elementos fundamentais do hórreo, xa que amais de se-la base que soporta todo o seu peso, compren a función de separa-la cámara do chan. Hainos de varios tipos:

- \* Á xeito de columnas, reciben o nome de **pés** ou **esteos**, se son de pedra.
- \* Muros transversais, máis coñecidos por **cepas**, nalgunhas zonas.
- \* **Celeiro, suleiro, baixo**, etc. Catro muros de cachotería ou cantería que pechan o espazo situado baixo a cámara, creando outra dependencia que pode ter usos variados.
- \*




Encol destes soportes pousan unhas pezas, xeralmente de pedra, de base plana e de pouco grosor, que impiden que ruban os ratos. Reciben os nomes, segundo as zonas, de **tornarratos, rateiras, tapas, moas, lousas, rodas, mesas**, etc.

Poden ser **individuais** sobre os pés, **transversais** sobre as cepas, e **corridos** ó longo do corpo, sobre os celeiros.

Sobre os tornarratos asentase o **corpo** ou **cámara**, no que distinguiremos elementos da **estrutura**, elementos de **cerre** e elementos de **cubrición**.

A base da estrutura é a **grade**. Conxunto de **trabes** lonxitudinais e transversais, unidas sobre os esteos ou cepas.

Sobre a grade pódense ergue-los muros laterais en cachotería ou cantería, ou ben nun número de **columnas** igual ó de esteos da base que van unidas por uns linteis superiores, chamados **soleiras** ou **padieiras**, nos que descansa directamente o tellado. Recibe o nome de **pinche**, a peza triangular con que rematan as paredes estreitas, paredes **penais**, na que apoia a trabe central do tellado.





O **cerre** , da cámara debe cumpri-la importante función da ventilación, o que se leva a cabo de distintas maneiras, segundo os materiais empregados.

Nos hórreos de **cestería**, resólvese mediante as múltiples **regandixas** que quedan no entramado das pólas o varas.


A **madeira** é moi empregada no cerre, podendo estar formado por estreitas táboas horizontais ou verticais, ou mesmo colocadas de esguello, que deixa entre elas regandixas de 1 a 2 cm para que circule o aire.

O uso da **pedra** da lugar a distintas solucións, segundo a clase de pedra propia de cada zona. O **granito** pódese traballar en **cantería**, **perpiaño** ou **cachotería**, deixando regandixas verticais ou horizontais, o que produce unha grande variedade de tipos. Hainos tamén en cachotería de **lousa** e **xisto**, menos traballados, pero cunhas proporcións e beleza dignas de subliñar.





Cachotería




Perpiaño

O material empregado nos soportes, estrutura e cerre dun hórreo, en ocasións, pode se-lo mesmo, habendo así hórreos totalmente de madeira ou totalmente de pedra, pero en moitos casos mestúranse dando lugar ós hórreos **mixtos**. Nestes, a pedra pódese colocar só nas esquinas e soportes ou tamén nas columnas verticais que dividen ós hórreos en **tramos** ou **claros**. Hainos que poden leva-las cepas e paredes penais de pedra, sendo o resto en madeira, e doutras moitas combinacións.

As cubertas máis frecuentes son a dúas augas, pero hainas tamén a catro augas, nos hórreos cadrados e nalgúns tipos rectangulares.

Xeralmente, os tellados **voan** sobre as caras costais para protexelo da chuva e os pinches van protexidos por unhas lousas colocadas sobre deles, chamadas **sobrepenas**.



CUBRICIÓN DE TELLA  
A DÚAS AUGAS

O material empregado na cubrición pode ser **tella**, lousa ou grandes **laxes e palla**. A cubrición feita con palla de centeo suxeita con varas horizontais para darlle solidez, recibe o nome de **colmo**.

Na maior parte dos hórreos, agás nalgunhas zonas, obsérvanse no cume uns **remates** de forma moi variada e, a miúdo, mellor traballados có resto do hórreo. **Bicos e cruces** son os motivos máis representados.

## LEXISLACIÓN REFERENTE Á PROTECCIÓN DOS HÓRREOS

Os hórreos están protexidos pola lei.

Polo Decreto de 22 de febreiro de 1973, a Xunta de Galicia debe asumir a súa protección e deberá impedir toda intervención que os altere ou propicie o seu derrubamento ou desaparición.

Os propietarios teñen que solicitar autorización para realizar obras ou proceder ó seu traslado.


Os concellos teñen a obriga de vixiar o coidado dos hórreos e o cumprimento das normas vixentes, comunicando calquera infracción e en caso de urxencia, adoptar as medidas de seguridade e precaución que estimen oportunas.

## HÓRREO TIPO "MORRAZO"

A evolución última do hórreo chega co tipo Morrazo, no que o traballo dos canteiros pontevedreses acadou a súa máxima perfección.

É rectangular e máis ben estreito, de porte baixo, totalmente de pedra con ventilación vertical en tódalas paredes. Dentro deste tipo existen exemplares singulares con tres fileiras lonxitudinais de pés, que reciben o nome de "hórreas", como o do Mosteiro de Poio ou o da reitoral de Vilaboa. O hórreo de Poio é o de máis capacidade de toda Galicia, pero o máis fermoso é o de Vilaboa.

Hai amais dos citados un elevadísimo número de pequenos e interesantes hórreos en toda a comarca. É de interese o do pazo de Aldán, do mixto (madeira e pedra) tipo Pontevedra.



## BIBLIOGRAFÍA

BAS LÓPEZ, B.: Construccions populares galegas. A Coruña, 1980.

FEDUCHI, L.: Itinerarios de arquitectura popular española. T. II, Barcelona, 1975.

LLANO, PEDRO DE: Arquitectura Popular en Galicia. 1983.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I.: Tipos de hórreos del noroeste ibérico y su distribución geográfica. Revista de las Ciencias, Madrid, 1954.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I.: El hórreo gallego. A Coruña, 1979.

LÓPEZ-CHAVES MELÉNDEZ, J.M.: Guía del hórreo gallego. Vigo, 1984.